

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR

CURSO 2024/2025

DOCUMENTACIÓN

- **ANEXO I** (solicitude) debidamente cuberta.

- **ANEXO II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar.

Se a persoa solicitante (Anexo I) e/ou os membros computables (Anexo II) se opoñen a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos.

- DNI ou NIE.
- Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran inialidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o seriizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%).

Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta desta, o certificado de imputacións de renda do exercicio 2022. Será necesario o consentimento expreso. –o caso de non autorizar a consulta deberán achegar os documentos xustificativos.

DOCUMENTACIÓN:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente, cando a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 da orde ou non sexa posible acreditar a súa composición polos medios anteriores, poderase xustificar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

1º. Certificado ou volante de convivencia.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

- a) Certificado acreditativo do grao de discapacidade, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- b) Violencia de xénero: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artgo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- c) Resolución xudicial de curatela representativa ou de patria potestade prorrogada ou rehabilitada mentres non se produza a reivisión desta medida, no caso que corresponda.
- d) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- e) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai ,nai ou o titor/titores carezan de DNI e NIE.

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2022, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras, nos casos de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica, e nos casos de falecemento dalgunha das persoas proxenitoras.